Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*





Persoeiros:
José María Regadío

O CREGO JOSE MARÍA REGADÍO, NADO EN BIDOUREDO E DOUTOR EN FILOSOFÍA E TEOLOXÍA, CREOU E ANIMOU, CANDA OS SEUS COMPAÑEIROS DE FALADOIRO EN PALAS, O CÉLEBRE CALENDARIO LABREGO. DURANTE CASE 50 ANOS, ESTA PUBLICACIÓN «CHUSQUEIRA E ESCOTOLIDA», QUE CHEGOU A TIRAR 15.000 EXEMPLARES, RECOLLEU TRADICIÓNS ORAIS, OFRECEU COÑECEMENTOS NOVOS AOS SEUS LECTORES E SERVIU DE DEPÓSITO DA FALA POPULAR.

'O MINTIREIRO VERDADEIRO', MEDIO SÉCULO DE LITERATURA POPULAR

/ JOSÉ DE CASTRO

Don José María Regadío Vázquez (28–01–1920 / 09–01–2010), naceu na parroquia de Bidouredo, concello de Monterroso (Lugo), dentro dunha familia numerosa de dez irmáns, orfa de pai. Ocupaba o segundo lugar na descendencia e era o primeiro varón. A familia tiña casa de labranza propia e contrato de aparcería («caseiros»), o que lles permitía vivir modestamente.

De adolescente ingresou no Seminario de Lugo, onde recibiu unha adoitada formación humanista. Mobilizado en 1938 combateu no bando «nacional» como padioleiro, na













De arriba a abaixo
e de esquerda a dereita:

1. Estudantes do Seminario de Lugo en 1930. Regadío é o segundo pola esquerda

2. José María Regadío en 1950

3. Primeira sede da imprenta Lakinfil na vila de Palas de Rei

4. Casa de Palas de Rei que acollía o faladoiro onde naceu o *Mintireiro Verdadeiro*

5. Segunda sede da imprenta Lakinfil na aldea de Filgueira en Palas de Rei

6. José María Regadío pouco antes de morrer

Persoeiros:
José María Regadío

fronte de Guadalaxara, e foi testemuño directo dos horrores da Guerra Civil. Finalizada a contenda, diplómase con premio extraordinario no Seminario Maior de Lugo, primeiro en filosofía (1940) e posteriormente en teoloxía (1944).

Cun brillante currículo, iníciase no sacerdocio como coadxutor na Arquidiócese de Sarria (Lugo), onde paralelamente aprende artes gráficas e técnicas de impresión e reprodución mecánica. No Ano Xubilar Romano de 1950 peregrina a Roma, atravesando unha Europa arrasada tras a II Guerra Mundial, e visita o Vaticano. Alí foi recibido polo controvertido Papa Pío XII, que queda fascinado polo carisma e a claridade das observacións do xoven Regadío. Un ano despois foi destinado ao concello de Palas de Rei (Lugo), onde se fixo cargo das parroquias de Laia, Quindimil e Filgueira. Nesta última estableceuse coa súa numerosa familia e residiu ate a súa morte.

Ademais da súa faceta como crego, destacan as súas iniciativas empresariais, como a fundación de imprentas e a divulgación dos seus coñecementos polo interior de Galicia, mellorando as máquinas importadas de Alemaña mediante artimañas e enxeños. A principios da década do sesenta funda a imprenta LAKINFIL (acrónimo das súas tres parroquias), e dedícase á estampación de carteis, cartóns, postais e a encadernación e edición de libros. A primeira sede establécea na esquina da actual Avenida de Compostela ca Travesía do Peregrino, na vila de Palas de Rei. En 1990 traslada o seu taller a unha nave próxima á súa vivenda, na parroquia de Filgueira, que fora anteriormente unha explotación de gando porcino. Na súa preocupación constante pola innovación tecnolóxica, ademais da versátil máquina Heidelberg, incorpora unha máquina Offset e poucos anos despois equipos informáticos e *software* especializado. Malia a súa avanzada idade, utilizaba con soltura o programa de maquetación e deseño gráfico FreeHand.

En 2008, un accidente coa súa cociña de leña sáldase cunha queimadura nas costas, que lle causa unha profunda chaga. É ingresado no Hospital de San José de Lugo. A partir dese intre serán reiteradas as súas hospitalizacións, esta vez no renovado Hospital de Calde, tamén en Lugo, por pro-









De arriba a abaixo
e de esquerda a dereita:

1. Cuberta do primeiro número
do *Mintireiro Verdadeiro*

2. O veterinario e pintor Jorge
Latorre

3. O avogado Amando Losada

4. O boticario Eduardo Seijas

Persoeiros:
José María Regadío

blemas cardiorespiratorios. Alí, a piques de facer 90 anos, falecería, coa única compañía, como sempre, da súa irmá María Teresa.

O ATENEO DA REBOTICA

O «Ateneo» chamábanlle á tertulia que na rebotica da farmacia de Eduardo Seijas, en Palas de Rei, celebraban frecuentemente á noitiña persoas singulares da comarca. Eran habituais o xuíz Celestino Pardo Castiñeiras, os avogados Amando Losada e Roberto Ouro (deputado en Cortes en 1936 por Izquierda Republicana), o mozo mestre e avogado Rubén Lois, o cura José María Regadío, o médico Constantino Grandío, o propio Eduardo Seijas e ocasionalmente personaxes como Ánxel Fole, Otero Pedrayo e Avelino Pousa Antelo, entre outros.

Nun deses faladoiros, en 1963, e por iniciativa de José Mª Regadío, canda Eduardo Seijas, Amando Losada e o veterinario e pintor Jorge Latorre, decidiron lanzar un almanaque para labregos, coa intención de amosar novas técnicas agropecuarias, previsións meteorolóxicas e outra información de interese, baixo o sinal do sentido do humor e a retranca galega. Así aparece o primeiro número da publicación bautizada como *O Mintireiro Verdadeiro*. Ao se tratar de publicacións non venais, sen dereitos de autor, non precisaban pasar a censura, o que lles permitiu, ocultos tras o anonimato, utilizar o idioma galego e criticar a ditadura franquista. O Tronas, por caso, escribiu desafiante na edición nº 1 (1964):

> *Pois, coma sempre...*
> *seguen mexando por un*
> *e hai que dicir que é auga quente*

A contraportada do primeiro número nomea, baixo pseudónimo, os colaboradores: Doutor Alodi, O Tronas e O Fundamundos. A ilustración da portada aparece asinada por J.Latorre. Velaquí os argallantes:

> Doutor Alodi:
> Amando Losada Díaz (O Saviñao, Lugo 1908 – 1980). Condenado en 1939 á pena de confinamento en Palas de Rei, onde exerceu a avogacía



e residiu até a súa morte. En 2003, o Consello da Avogacía Galega instituiu o premio xurídico «Amando Losada».

O Tronas:
Eduardo Seijas Vázquez (Chantada, Lugo 1907 – Palas de Rei, Lugo 1978). Como farmaceutico exerceu nas vilas de Monforte de Lemos e Palas de Rei desde o ano 1942. Foi perseguido durante os anos da Guerra Civil e da posguerra polas súas firmes convicción democráticas. Recibiu diversas condecoracións, entre elas a Encoménda da Orde de Alfonso X O Sabio.

O Fundamundos:
José María Regadío Vázquez (Monterroso, Lugo 1920 – Hospital de Calde, Lugo 2010). Doutor en Filosofía e Teoloxía. Crego, escritor e impresor.

J.Latorre:
Jorge Latorre Tello (Alcorisa, Teruel 1919 – Cádiz 1979). Exerceu a veterinaria no concello de Palas de Rei, onde, por un contratempo cunha vaca, perdeu a visión dun ollo, o que non lle impediu continuar a súa tarefa profesional e a súa vocación pictórica. Medalla de Ouro no Certame Nacional de Pintura do Colexio de Veterinarios de España, no ano 1973.

Neste primeiro número tamén colaborou, cun artigo titulado *Praderías artificiales*, o enxeñeiro agrónomo Federico Riscos Gil de Albornoz, naquel momento á fronte da Xefatura Agronómica de Lugo. Os personaxes creados neste número, don Severo do Chaviço e Fornelas (parodia do home aparentemente ilustrado) e O Jovino Manteigas Mexacás («un labrego que mantén catro vacas») ausentáronse durante anos e reapareceron en 1988, para se eclipsar de novo, desta volta definitivamente.

O Mintireiro Verdadeiro, no seu case medio século de publicación, evolucionou dunha obra «coral» (colectiva), sostida polo impulso de don José María Regadío, cara a unha obra de «autor» (personalísima), usando un idioma galego próximo á raíz labrega, que consideraba á Mesa pola Normalización

Persoeiros:
José María Regadío

Lingüística unha institución politizada e contaminada por castelanismos.

No ano 1980 morreu Amando Losada (encargado das predicións meteorolóxicas), ao que substituíu o propio Regadío, quen pasou a elaborar a totalidade do calendario e a empregar un léxico en que abundan figuras retóricas, xogos de verbas, cunha atmosfera enxebre, dura e suxestiva, elaborado con grandes doses de ironía e sempre adornado con chistes, ditos e refráns. Aparece así a «obra de autor», subliñada en 1990 ca incorporación á portada do famoso eslogan «ISTE CALENDARIO É CHUSQUEIRO, ESCOTOLIDO, GALEGO–CASTELÁN, PROFÉTICO, ENXEBRE, NOTICIOSO, ARTIMAÑEIRO E TAMEN BARATO».

Na primeira década do presente século, xa implementadas tecnoloxías informáticas á totalidade da obra, optou por unha tipografía *anárquica* e acentuou o seu marcado desexo de recuperación de palabras perdidas, apenas usadas no galego actual e que obrigan o lector a consultar o seu significado constantemente. A súa obra de cabeceira foi o dicionario galego–castelán de Leandro Carré Alvarellos, aínda que a fonte principal do seu vocabulario e sintaxe eran as verbas recollidas da tradición oral. Curiosamente, segundo recentes estudos, tamén J.R.R. Tolkien, o autor do *Señor dos Aneis*, consultou este dicionario para a toponimia e as linguas da súa obra.

A época dourada do *Mintireiro* foron os anos 60 e 70, cando chegou a tirar até 15.000 exemplares cada ano e contaba con distribuidores nas principais cidades galegas, aínda que o seu lugar natural de venda foron as feiras e romarías. José María Regadío, fixo posible que este milagre literario perdurase ininterrompidamente desde 1964 até 2010 e chegase ano tras ano ás mans dos labregos do país. Estas reliquias editoriais son parte do noso patrimonio cultural e indispensable fonte de investigación en estudos de meteoroloxía popular, toponimia, tradicións, costumes e outras manifestacións culturais e folclóricas do pasado multisecular.



Persoeiros:
Tomás Vázquez Rouco

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017